

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO PARA O ESTUDO DA PLANTA LOCAL GALEGA E IMPULSO DE NOVOS PROCESOS DE FUSIÓN MUNICIPAL

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E doutra parte, Enrique Sáez Ponte, en nome e representación da Fundación Juana de Vega, en calidade de presidente da fundación, segundo o nomeamento efectuado pola Xunta do Padroado o 13 de xuño de 2003, debidamente inscrito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia o 1 de xullo do mesmo ano.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécese capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de administración local, de conformidade co previsto no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, en relación co Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, sen prexuízo das demais competencias que legal e regulamentariamente teña atribuídas.

Segundo. A Fundación Juana de Vega é unha entidade privada sen fins lucrativos que ten por obxecto estatutario promover, mediante as iniciativas que estime precisas, por si soa ou en colaboración con persoas ou entidades públicas e privadas, o coñecemento, a conservación e o desenvolvemento do medio rural de Galicia, con especial dedicación á formación da súa poboación activa, á preservación do seu entorno natural e humano e á mellora da súa base económica e das actividades con ela relacionadas.

Terceiro. A regulación introducida pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (LRSAL), recolle unha serie de medidas encamiñadas a fomentar a fusión entre concellos e mellorar as condicións de financiamento dos municipios fusionados. Nesta mesma liña, o artigo 59 da Lei 13/2015, 24 decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 249, do 31 decembro), modificou o artigo 13 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia para recoller diversas previsións referidas ao establecemento de medidas de fomento para as fusións de municipios ou para a incorporación voluntaria a outros.

No entanto, desde o ano 2013 a Xunta de Galicia vén facendo unha aposta decidida pola xestión compartida de servizos públicos e polas fusiões municipais voluntarias; impulsando activamente a xestión eficaz e eficiente dos recursos dos concellos co obxecto de garantir a continuidade na prestación de servizos aos cidadáns en condicións de calidade. De feito, Galicia e a única comunidade autónoma na que se teñen culminado con éxito dous procesos de fusión voluntaria municipal, a dos Concellos de Oza e Cesuras, finalizada en xullo de 2013, e a dos concellos pontevedreses de Cerdedo e Cotobade, formalizada en 2016.

Cuarto. O mapa político-administrativo local de Galicia data de comezos do século XIX e, malia os avances acadados, segue sendo necesario adecualo ás necesidades actuais. Dunha banda, o proceso de urbanización concentrou a poboación e a actividade económica nas cidades e nos sectores periurbanos. Por outra, o rural iniciou unha etapa de declive demográfico acusado, que implica o avellentamento e a despoboación e abocando a deficiencias nas coberturas de moitos servizos e prestacións da administración local agravadas polas dificultades de financiamento que derivan da propia perda poboacional e do conseguinte cesamento de actividades económicas, residenciais, ou calquera outra xeradora de taxas e impostos.

Na organización do mapa municipal aparecen múltiples cuestións que cómpre analizar, tanto de natureza xeográfica, como xurídica e sociolóxica. A configuración do territorio galego, co seu elevado índice de dispersión, que recolle a metade das entidades singulares existentes en todo o Estado, e a convivencia de figuras como as entidades menores, mancomunidades, áreas metropolitanas, parroquias e as comarcas, entre outras, funcionan como un engrillado complexo que marca a cultura e a idiosincrasia da Galicia contemporánea.

Quinto. A Fundación Juana de Vega desenvolve diversas liñas de traballo, algunhas delas especialmente centradas na realización de estudos e informes sectoriais e de ámbito territorial, entre as que se atopan a realización de diversas estratexias de dinamización socio-económica e territorial en colaboración coa Xunta de Galicia, desenvolvidas cun amplo enfoque de innovación social.

Por outra banda, a Fundación ten detectado, en diversos traballos, que unha das causas que dificultan a continuidade e a sucesión das explotacións agrícolas e gandeiras, e doutros negocios e empresas nos concellos rurais, é a falta de servizos públicos de calidade. Á súa vez, esta carencia está a provocar unha perda de poboación e un abandono das terras agrarias con consecuentes e graves efectos sobre o conxunto da cidadanía galega, tanto en termos económicos, como sociais e ambientais.

A Fundación conta cun equipo multidisciplinar, integrado por especialistas de recoñecido prestixio nas diversas temáticas a estudar, especialmente centradas na caracterización socio-económica e demográfica dos concellos de Galicia. Este equipo vén desenvolvendo unha ampla actividade investigadora e de transferencia de coñecemento en relación co réxime organizativo e competencial das entidades locais, que os dota da condición de expertos recoñecidos na materia, recollida na súa numerosa produción científica.

Sexto. A Xunta de Galicia ten interese en colaborar coa Fundación Juana de Vega dada a experiencia e capacidade acumuladas por esta entidade nos estudos sobre o dimensionamento da planta local galega, e pola posibilidade de contar cun grupo de investigación integrado por recoñecidos especialistas, establecendo un marco de colaboración que lles permita xuntar esforzos para facilitar a consecución dos seus intereses comúns.

Sétimo. Con base en todo o anterior, as partes concordan en que resulta preciso colaborar na realización dun amplo estudo de carácter multidisciplinar (xeográfico, económico, xurídico e sociolóxico) que permita avaliar a posibilidade e a viabilidade económica, social e política de impulsar novos procesos de fusión municipal en Galicia e doutros procesos de redimensionamento do tamaño municipal, identificando todas as variables que interveñen

nestes procesos, propoñendo liñas de acción e de comunicación e divulgación das diferentes alternativas ou modelos que permitan racionalizar a planta municipal actual, en aras dunha mellor eficiencia e benestar da poboación.

Co fin de materializar a colaboración antes descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia Xustiza e Turismo e a Fundación Juana de Vega acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Fundación Juana de Vega na realización dun estudo, de carácter multidisciplinar, no que se avalíe a posibilidade e a viabilidade económica, social e política de impulsar novos procesos de fusión en Galicia, así como doutros procesos de redimensionamento do tamaño municipal, que identifique todas as variables que interveñen nestes procesos, e propoña liñas de acción e de comunicación e divulgación das diferentes alternativas ou modelos que permitan racionalizar a planta municipal actual.

Este convenio ten como principais obxectivos:

- Abrir un debate sobre a necesidade de actualizar o mapa político-administrativo en Galicia.
- Avaliar se a planta municipal herdada cumpre coa súa misión de goberno eficiente do territorio.
- Avaliar alternativas a esa planta que conduzan a unha maior eficiencia económica, a un menor impacto na identidade sociolóxica, xunto coa súa viabilidade xurídica e encaixe xeográfico, así como a súa contribución a mitigar os problemas de despoboación, abandono e avellentamento.
- Medir o impacto de calquera modificación do mapa actual.
- Formular propostas para incentivar novos procesos de fusión, así como doutras posibles alternativas que contribúan ao redimensionamento da planta local en Galicia.

SEGUNDA. Compromisos das partes:

Para o desenvolvemento dos traballos obxecto deste convenio, cada entidade asinante asumirá os seguintes compromisos:

1. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo:
 - a) Exercer a dirección e supervisión dos traballos desenvolvidos pola Fundación Juana de Vega, a través da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico Local.
 - b) Subministrarlle e facilitarlle á Fundación a información dispoñible para o cumprimento do obxecto deste convenio sobre os antecedentes e procedementos de fusión dos concellos de Oza-Cesuras e de Cerdedo-Cotobade.
 - c) Colaborar no financiamento do custo dos traballos e actividades para o desenvolvemento do obxecto do convenio a través das achegas establecidas na cláusula terceira.

2. Fundación Juana de Vega:

- a) Cumprir os obxectivos e executar as actividades obxecto do convenio, que inclúen a realización dos seguintes traballos:
 - Análise xeográfica da planta local
 - Estudo xurídico dos procesos de fusión municipal, e doutras formas de cooperación e colaboración interadministrativa
 - Análise económico dos procesos de fusión municipal
 - Estudo sociolóxico da experiencia galega
 - Redacción, maquetación e entrega dun informe sobre o traballo desenvolvido, coa estrutura indicada no Anexo a este convenio, en soporte electrónico e en lingua galega
- b) Coordinar os traballos as actividades necesarias para desenvolver os compromisos asumidos no presente convenio mediante o equipo multidisciplinar e as colaboracións externas puntuais que considere necesarias.
- c) O pagamento aos colaboradores cos que conte para o desenvolvemento dos traballos e dos demais gastos necesarios para a execución dos traballos e presentar a xustificación dos gastos ante da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, nos prazos e na forma indicada na cláusula terceira.
- d) Facer constar a colaboración da Xunta de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidese distribuír.
- e) Incluír a marca Xacobeo 2021-22 de acordo co Decreto 104/2021, do 24 de xuño, polo que se aproba a actualización do Manual de identidade gráfica Xacobeo 2021-22.
- f) Subministrarlle á Vicepresidencia Primeira e Consellería toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

TERCEIRA. Financiamento e distribución por anualidades

1. O orzamento total para o desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio ascende á cantidade máxima de SETENTA E DOUS MIL SEISCENTOS EUROS (72.600,00 €).
2. Para facilitar a execución conxunta das actuacións a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo compensará á Fundación Juana de Vega ata o importe máximo sinalado na alínea 1, que inclúe o IVE correspondente, con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.640.0 (proxecto 2016 00022), coa seguinte distribución por anualidades:

– Anualidade 2021: 10.000,00 €

– Anualidade 2022: 62.600,00 €

Esta achega só cubrirá os custos de realización das actividades necesarias para o desenvolvemento do proxecto, sen que a Fundación obteña beneficio ou lucro industrial ningún coa referida aportación económica.

CUARTA. Persoal e relacións laborais

O desenvolvemento das actividades relacionadas co obxecto do convenio será realizado por persoal integrado no grupo de investigación multidisciplinar e polo persoal propio da Fundación Juana de Vega, sen prexuízo da incorporación ao proxecto do persoal colaborador que se considere necesario para a correcta execución do proxecto.

A subscripción do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que van desenvolver as actividades que constitúen o obxecto deste convenio e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, directa, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

QUINTA. Xustificación e pagamento.

1. As achegas previstas na cláusula terceira serán libradas pola Dirección Xeral de Administración Local, logo de que a Fundación Juana de Vega acredite a execución das actuacións e gastos realizados en cada anualidade mediante a presentación da seguinte documentación:
 - a) Un informe no que se concrete o resultado do proxecto desenvolvido en cada período de xustificación a través do grupo de investigación multidisciplinar, en soporte electrónico e en lingua galega, co seguinte contido mínimo por anualidade:
 - Ano 2021:
 - Bloque 2: Marco político
 - Bloque 3: Marco xeográfico e demográfico: Transformacións no mapa municipal europeo, español e galego. Dinámicas de evolución
 - Ano 2022:
 - Bloque 1: Introducción.
 - Bloque 4: Marco xurídico: Especial consideración respecto dos procesos de fusión municipal.
 - Bloque 5: Marco económico. Conveniencia dos procesos de fusión dende a perspectiva económica.
 - Bloque 6: Marco sociolóxico. A opinión da poboación local fronte aos procesos de fusión.
 - Bloque 7: Experiencias de fusións en Galicia.
 - Bloque 8: Marco positivo. Propostas de actuación para incentivar os procesos de redimensionamento da planta local galega.
 - b) Unha memoria xustificativa das actuacións realizadas e dos gastos orixinados polas actividades previstas neste convenio.
 - c) Xustificantes de gasto (facturas, recibos de honorarios, dietas e viaxes, nóminas e seguros sociais do persoal propio da Fundación que participe nas actividades previstas no convenio) polas actuacións realizadas para o desenvolvemento do convenio.
 - d) Xustificantes de pagamento dos gastos mediante transferencias bancarias.
 - e) Certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia
 - f) Indicación do número de conta para realizar o pagamento xunto coa declaración responsable sobre a súa titularidade
2. A documentación xustificativa presentarase a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).
3. A Dirección Xeral de Administración Local, que é o órgano xestor, poderá solicitar toda a documentación que considere necesaria en relación coa xustificación do convenio.
4. Os pagamentos financiarán exclusivamente o custo da realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes intervinientes no convenio obteña lucro ningún.

Sempre que se acade o obxecto deste convenio, no caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior aos importes sinalados na cláusula terceira a contribución económica da Vicepresidencia Primeira e Consellería diminuírase na mesma contía.

5. A data límite de xustificación e de presentación da documentación será o 1 de decembro de 2021, na primeira anualidade, e o 31 de outubro de 2022 para a última anualidade.

Sen prexuízo do anterior, os custos devindicados a partir do 1 de decembro de 2021 poderán ser imputados á anualidade 2022 sen que isto implique incremento da achega correspondente ao referido exercicio orzamentario.

SEXTA. Comisión de seguimento do convenio

1. Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dúas persoas representantes de cada unha das partes asinantes.
2. A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretaria/o quen se designe da mesma forma.
3. A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse cando así o solicite algunha das partes.
4. As súas funcións serán:
 - Interpretación do convenio
 - Intervención previa á resolución por incumprimento
 - Proposta, de ser o caso, de addendas
 - Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes
 - Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio
5. Os membros da comisión poderán asistir ás reunións desta acompañados polo persoal técnico que consideren oportuno. Así mesmo, cando se considere conveniente, a comisión poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

SÉTIMA. Difusión

A presentación do resultado dos traballos realizarase nun acto publico no que participarán a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Fundación Juana de Vega.

A Fundación Juana de Vega comprométese a informar, nas actividades ou publicación de resultados totais ou parciais, da colaboración da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo no financiamento dos gastos obxecto deste convenio, nos termos sinalados na cláusula segunda.

OITAVA. Resultados conxuntos

Os diversos datos, análises, estudos estatísticos e participativos, conclusións e informes elaborados en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración serán de uso e titularidade común por ambas as partes asinantes.

Así mesmo, calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes. No entanto, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución das actuacións farase sempre referencia ao presente convenio.

NOVENA. Causas de resolución

1. O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan
 - b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto deste convenio ou sen se ter acordado a súa prórroga
 - c) O acordo unánime de todas as partes asinantes
 - d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
 - e) Calquera outra causa prevista nas leis

DÉCIMA. Vixencia e duración

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 31 de outubro de 2022, salvo prórroga por mutuo acordo das partes antes da súa finalización para o cumprimento da finalidade establecida.

UNDÉCIMA. Natureza do convenio e réxime xurídico

1. O presente convenio formalízase ao abeiro do disposto na Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares. Rexerase polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais de dereito administrativo.
2. Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación do contratos das Administracións Públicas, segundo dispón o artigo 6.2 da Lei 9/2007, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.
3. Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.
4. As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento.
5. Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e, en última instancia, dirimiranse na xurisdición contencioso-administrativa.

DUODÉCIMA. Publicidade do convenio

As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto)

DÉCIMO TERCEIRA. Protección de datos de carácter persoal

As partes responsabilízanse de que calquera tratamento dos datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do convenio se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de protección de datos (en diante, RXPd), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos dereitos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a súa adecuada formalización e desenvolvemento e con base no disposto no artigo 6.1.b) do RXPd.

En proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio na data consignada na súa sinatura electrónica.

O vicepresidente primeiro e conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Turismo

O presidente da Fundación Juana de Vega

Alfonso Rueda Valenzuela

Enrique Sáez Ponte

ANEXO: CONTIDO DO ESTUDO

Bloque 1: Introducción.

Bloque 2: Marco político.

- 2.1.- Organización político-administrativa de base local en Europa-España-Galicia.
- 2.2.- A consolidación no século XIX.
- 2.3.- Concellos e ordenamento territorial no século XX. O caso das absorcións municipais desde as cidades e a segregación municipal.
- 2.4.- O aumento das propostas de reforma no século XXI.

Bloque 3: Marco xeográfico e demográfico: Transformacións no mapa municipal europeo, español e galego. Dinámicas de evolución.

- 3.1.- Caracterización e análise xeográfica da planta local en España e Galicia.
- 3.2.- As dimensións dos concellos. Contrastes internos. A súa escala en Europa.
- 3.3.- As formas de cooperación municipal dende unha perspectiva xeográfica: fortalezas e debilidades.

Bloque 4: Marco xurídico. Especial consideración respecto dos procesos de fusión municipal.

- 4.1.- Precedentes normativos sobre fusións de municipios.
- 4.2.- Normativa básica estatal vixente sobre as fusións municipais:
 - 4.2.1.- Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local e Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (Real Decreto Legislativo 781/1985).
 - 4.2.2.- Reforma pola Lei 27/2013, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local: A aposta polo fomento estatal das fusións municipais.
 - 4.2.3.- Posición do Tribunal Constitucional a partir da STC 41/2016 do 3 de marzo.
- 4.3.- Normativa da Comunidade Autónoma de Galicia sobre fusións de municipios:
 - 4.3.1.- Estatuto de Autonomía de Galicia.
 - 4.3.2.- Artigos. 18 a 20 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia (reformada pola Lei 13/2015).
- 4.4.- Réxime xurídico da fusión de municipios:
 - 4.4.1.- Regulación básica: "Convenio de fusión", medidas de incentivo para a fusión de municipios e efectos da fusión. O suposto da "fusión forzosa".
 - 4.4.2.- Regulación autonómica:
 - 4.4.2.1.- Medidas de incentivo para as fusións: axudas financeiras e medidas técnicas.
 - 4.4.2.2.- Condicións e requisitos necesarios.
 - 4.4.2.3.- Procedemento administrativo para a fusión de municipios.
- 4.5.- Análise xurídica de outras formas de colaboración e cooperación interadministrativa.

Bloque 5: Marco económico. Conveniencia dos procesos de fusión dende a perspectiva económica.

- 5.1.- A experiencia internacional e nacional no redimensionamento da planta local: ¿Qué se pode aproveitar para Galicia?
- 5.2.- A planta local en Galicia: perspectiva económica. Estudo comparativo dos orzamentos de ingresos e gastos dos Concellos en Galicia e España en función do tamaño de poboación e a súa implicación en materia de fusións.
- 5.3.- Condicións a ter en conta, dende a perspectiva económica, para o fomento das fusións entre concellos.
- 5.4.- Alternativas aos procesos de fusións dende a perspectiva económica.

Bloque 6: Marco sociolóxico. A opinión da poboación local fronte aos procesos de fusión. (enquisa á poboación, ámbito xeográfico: Galicia).

- 6.1.- Funcionamento das identidades territoriais e das EE.LL. en particular.
- 6.2.- Elaboración dun directorio que considere as diferentes alternativas ou hipóteses de modificación do ordenamento actual.
- 6.3.- Enquisa ao conxunto da poboación galega, con especial atención aos municipios máis rurais, para medir o impacto das diferentes alternativas.
- 6.4.- Entrevistas cualitativas a representantes políticos, expertos e cidadanía, sobre as diferentes alternativas.
- 6.5.- DAFO resultado do proceso.

Bloque 7: Experiencias de fusións en Galicia.

- 7.1.- Análise de casos de fusión en Galicia: A fusión Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade. Situación anterior e posterior tras a fusión. Análise cuantitativa (orzamentos) e cualitativa (inclúe entrevistas cos alcaldes).
- 7.2.- Outras potenciais experiencias de fusión en Galicia: os municipios da comarca do Deza, Santiago de Compostela-Teo, Noia-Lousame, Sanxenxo-Meaño, Valadouro-Alfoz, Pereiro de Aguiar-Nogueira de Ramuín, etc.
- 7.3.- Que podemos aprender dos procesos de fusión en Galicia?
- 7.4.- O deseño doutras alternativas de cooperación intermunicipal e de nova planta do mapa político administrativo.

Bloque 8: Marco propositivo. Propostas de actuación para incentivar os procesos de redimensionamento da planta local galega.

- 8.1.- Propostas no ámbito lexislativo.
- 8.2.- Propostas económicas dende a perspectiva orzamentaria e dende a Xunta de Galicia.
- 8.3.- Propostas no marco da comunicación e divulgación.
- 8.4.- Outro tipo de propostas (redución de impostos, axudas específicas a cidadáns, empresas e organizacións dos concellos fusionados, ...)